

ESTE MES RECOMENDÁMOSVOS UN LIBRO CON MOI BOA PINTA

Voade a través da imaxinación de Ferran Adriá e descubride paso a paso receitas inspiradas na maxia do universo Disney, Marvel, pixar e Star Wars. Máis de 60 pratos sans e divertidos cos que poderedes experimentar o pracer de cociñar en familia.

Este libro non trata só de ensinar a cociñar, senón de facelo xuntos, en familia, desfrutando de momentos especiais mentres transmítese coñecemento e mensaxes sobre a alimentación saudable. Pretende espertar nos máis pequenos/as, e a través dos personaxes que apaixonan, o interese por probar novos alimentos e incentivar unha alimentación familiar variada e equilibrada á vez que se

coñecen os segredos do proceso gastronómico dende tódolos seus puntos de vista.

